

O Decamerón

RESUMO: A obra comeza coa descrición da peste negra que arrasou Florencia. Este feito leva a un grupo de amigos (sete mulleres e tres homes) a refuxiarse nunha casa de campo das aforas da cidade para evitar contaxiarse durante a epidemia. Alí pasan dez días contando contos para se entreteren.

O Decamerón é a obra cumio de **Giovanni Boccaccio**, poeta e humanista italiano, e un dos grandes escritores de todos os tempos.

O ano de **mil trescentos corenta e oito**, á cidade de **Florencia** chegou a mortífera peste, que foi enviada sobre os mortais pola xusta ira de Deus para a nosa corrección. Esta comezara algúns anos antes en **Oriente**, ao que privou de moitos vivos, e que ó ir sen descanso dun lugar a outro, estenderase miserablemente a **Occidente**.

E **non valían contra ela** ningún **saber** nin providencia humana (como a limpeza da cidade de inmundicias, a prohibición de entrar nela a todos os enfermos e os moitos consellos dados para conservar a salubridade), nin valían tampouco as humildes **súplicas** dirixidas a Deus polas persoas devotas ordenadas en procesións ou doutras maneiras.

Case ó principio da primavera, empezou horriblemente de maneira asombrosa a mostrar os seus dolorosos efectos (...). **Para curar tal enfermidade** non parecía que valse consello de médico ou menciña algunha, así que eran poucos os que curaban e case todos **antes do terceiro día morrían**. E esta pestilencia tivo maior forza porque non só falar e tratar cos doentes contaxiaba ós sans, senón tamén tocar calquera cousa que fose tocada ou usada por aqueles enfermos.

De tales cousas naceron medos diversos e imaxinacións, e case todos se inclinaban a un remedio moi cruel como era **esquivar e fuxirilles ós enfermos** e ás súas casas; e facéndoo, cada un cría que conseguía a saúde para si mesmo. E había **algúns** que pensaban que **vivir moderadamente** debía ofrecer gran resistencia a ese accidente (...). Mentres que **outros**, inclinados á opinión contraria, afirmaban que a menciña certísima para tanto mal era a de **divertirse** (...).

Algúns eran de sentimentos máis crueis (coma se por ventura fose máis seguro) e dicían que ningunha menciña era mellor nin tan boa contra a peste que fuxir dela. Movidos por este argumento, non coidaban de nada, senón de si mesmos, e **moitos homes e mulleres abandonaron a cidade**, as súas casas, as súas posesións e os seus parentes e buscaron as alleas, ou polo menos o campo. Polo que lles quedaba aos que enfermaban, que eran unha multitude inestimable, **ningún outro auxilio máis que a caridade dos amigos**, dos que había poucos, ou a avaricia dos criados, que por elevados salarios e abusivos contratos accedían a coidalos. E ao seren abandonados os enfermos polos veciños, polos parentes e amigos, **producíase a morte de moitos que, por ventura, se fosen axudados se salvarían**.

❖ Guía de lectura

1. Sitúa o texto.

- a. Como se chama a obra? Quen é o autor do texto? Que sabes del?
- b. En que época foi escrito? É coetáneo dos feitos que narra ou é posterior?
- c. En que período da historia se encadra?

2. Comprende o que lees.

- a. Onde se sitúa o relato? En que ano ocorre? Onde comezara a epidemia?
- b. Canto tardaban en morrer os enfermos?
- c. Que medidas tomaba a xente para evitar contaxiarse?
- d. En que situación quedaban os afectados?

3. Contrasta o texto.

- No teu caderno, compara os datos do texto cos teus coñecementos históricos sobre a época e explica se che parece atinada a descrición que fai o autor. Podes buscar máis información na seguinte páxina web:

<https://www.artehistoria.com/es/contexto/la-pestes-negra>

4. Valora o texto.

- No teu caderno, explica o valor ou a importancia que cres que ten este texto como testemuña dunha época convulsa como a da peste negra.